

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- A Xunta presenta a Campaña de verán 2018 que sitúa de novo Galicia como referente na oferta de ocio e tempo libre dirixida á mocidade
- A Xunta celebra o Día Europeo da Información Xuvenil cunha xornada sobre prevención de condutas adictivas
- A Xunta de Galicia reivindica as capacidades creativas da mocidade como motor económico e cultural
- A Xunta transformará os Centros Xove en Espazos Emprende para facilitar o labor emprendedor da mocidade
- A Xunta pon en marcha o Observatorio Galego de Acción Voluntaria como órgano asesor e dinamizador
- A Xunta subvencionará este ano un cento de proxectos de voluntariado para sensibilizar e formar en accións solidarias
- A Xunta aposta polo Programa de integración familiar como vía para garantir o bienestar dos nenos e nenas
- A Xunta e Ingada poñen en marcha un pioneiro Punto de Asesoramento Familiar en Galicia para persoas con TDAH
- A Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aproba os seus orzamentos para o ano 2018 que ascenden a 76,4 millóns de euros cun incremento do 10,26%
- A Xunta de Galicia reforza o programa Promociona de formación da poboación xitana
- A Xunta reforza 'Xantar na casa' para favorecer a autonomía dos maiores que deciden permanecer nos seus fogares
- A Xunta reforzará de novo o Servizo de Axuda no Fogar e ampliará o cadro de persoal dos equipos de valoración
- A Xunta de Galicia destaca a relevancia das persoas maiores na sociedade na Festa de Maiores de Santa Comba
- Xunta e Imsero acordan converter o Cegadi nun centro de referencia estatal na atención a persoas con discapacidade
- A Xunta avoga no Consello da Unión Europea pola coordinación dos servizos sociais, educativos e de emprego para favorecer a inclusión da xente nova máis vulnerable
- Días internacionais.



NORMATIVA

Normativa DOG


Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2016

ESTADÍSTICAS

- Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2017
- Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
- Enquisa de poboación activa

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2018. BdB. Boletín de
Bienestar, 2018

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-13-marzo-abril-2018>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirlgual 4.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

As políticas de xuventude enténdense como o desenvolvemento de actuacións que perseguen a promoción da participación política, social, económica, cultural e de ocio da nosa mocidade.

É, neste contexto, no que podemos incluír distintas actuacións desenvolvidas desde a consellería e recollidas neste número que agora presentamos. Boa mostra delas son: a presentación da Campaña de Verán 2018 que sitúa Galicia como referente na oferta de ocio e tempo libre, a celebración de xornadas de formación e de proxectos de voluntariado, o impulso de iniciativas que promoven a capacidade creativa

e emprendedora da xuventude e as que favorecen a inclusión da xente nova máis vulnerable.

Queremos destacar tamén a importancia que para esta consellería ten o desenvolvemento das políticas de colaboración con fundacións, entidades e asociacións que promoven a creación e posta en marcha de plataformas de organizacións da infancia, a creación de puntos de asesoramento familiar e centros de referencia para persoas con determinados trastornos, programas de formación para determinados colectivos e un longo etcétera de medidas que buscan favorecer o benestar da nosa sociedade: infancia, adolescencia e maiores



A Xunta presenta a Campaña de verán 2018 que sitúa de novo Galicia como referente na oferta de ocio e tempo libre dirixida á mocidade

- ▶ **Ofértanse 9.870 prazas -298 máis que na edición anterior- en campamentos, campos de traballo e outras accións de verán que terán lugar nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro en albergues e instalacións xuvenís de toda a xeografía galega.**

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, deu a coñecer a Campaña de Verán 2018 da Xunta de Galicia, que baixo a lenda Vive a túa aventura pon á disposición da mocidade galega

e das súas familias un recurso de conciliación estival e de ocio educativo de primeiro nivel. O acto de presentación desta nova edición do programa de campamentos xuvenís tivo lugar nas dependencias administrativas de San Lázaro e coincide coa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) das ordes que rexen a convocatoria desta campaña.

Na súa intervención, Rey Varela salientou que, de novo, a programación estival da Xunta "volve ser un referente en España, ofrecendo á xente nova non só de Galicia senón tamén doutras rexións e mesmo do estranxeiro unha atractiva programación que converte a nosa comunidade nun destino preferente nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro". Nesta liña, engadiu que a oferta de verán que propón a Xunta ten como finalidade que "a mocidade goce participando en actividades de ocio e tamén formativas na

procura de que o verán sexa un tempo para divertirse e tamén para o enriquecemento persoal".

Ademais, o titular de Política Social apuntou que esta nova acción de verán responde a tres obxectivos principais: favorecer a inclusión dos mozos e mozas con discapacidade e daqueles que estean atravesando unha difícil situación persoal ou familiar; fomentar a mobilidade e o intercambio cultural; así como facilitar a conciliación das familias.

A Campaña de Verán 2018 presenta entre as súas principais

novidades o incremento, unha edición máis, do número de prazas ofertadas, que ascende a 9.870, 298 máis que na programación do exercicio anterior; así como un maior investimento ata chegar aos 3,2 millóns de euros, o que supón un aumento do 8%. Outras melloras son a incorporación de dúas novas instalacións ás ofertadas en 2017 e a posta en marcha de dúas novas iniciativas para o fomento das vocacións tecnolóxicas entre os máis novos.

Máis equipamentos e novas temáticas

Así, á listaxe de equipamentos súmanse este verán a Escola de Agricultura Ecolóxica Vilasantar na Coruña, onde se desenvolverá do 2 ao 8 de xullo un novo campamento que permite incorporar á programación a temática do achegamento á agricultura ecolóxica e a posta en valor do medio rural; e o albergue da estación de ferrocarril A Vilavella no concello ourensán da Mezquita, onde se celebrará un campamento de multiaventura.

Ademais, inclúense na campaña deste ano dous campamentos tecnolóxicos que se desenvolverán no albergue de Gandarío, situado no municipio coruñés de Bergondo, do 1 ao 8 de setembro e que se dirixe a mozos e mozas de 12 a 14 anos. Os participantes nestas accións coñecerán as ferramentas necesarias para crear animacións de vídeo para representacións nocturnas sobre edificios e achegarase aos fundamentos básicos que permiten a creación, control, o voo e o funcionamento dun dron.

Os campamentos de verán da Xunta de Galicia teñen un marcado carácter inclusivo ao reservar un centenar de prazas para nenos, nenas e adolescentes en situación de tutela ou garda da Xunta, outras 52 para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero e 230 para xente nova con discapacidade. Das prazas reservadas para este

último colectivo, 60 enmárcanse na convocatoria xeral que realiza a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado; e as 170 restantes correspónden-se cos campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade que dependen da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Ao respecto desta última convocatoria, as principais novidades fronte á do exercicio anterior son o incremento en 20 prazas e a inclusión dunha nova instalación onde se desenvolverán estes campamentos: a Residencia de Tempo Libre do Carballiño, en Ourense, que se suma así á de Panxón, no municipio pontevedrés de Nigrán, e ao albergue de Gandarío.

O programa da Campaña de verán 2018 contempla os campamentos para nenos, nenas e adolescentes; campamentos noutras comunidades autónomas; as actividades para maiores de 18 anos; a oferta concertada; os campos de traballo e as accións para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior. O maior investimento económico na iniciativa permite incrementar o número de prazas en case toda esta ampla oferta.

Así, os campamentos organizados nas instalacións xuvenís da Xunta para menores entre os 9 e os 17 anos de idade ofertan 6.483 prazas nun total de 25 albergues e instalacións distribuídos por toda a xeografía galega. Dentro destes campamentos organízanse actividades de ocio educativo e de diferentes temáticas, como actividades náuticas, coñecemento do medio natural, dramatización e expresión cultural, xogos tradicionais ou deportes de multiaventura, entre outras.

Tamén se ofertan outras 315 prazas para que rapaces e rapazas galegos poidan participar en campamentos de intercambio con outras comunidades, concretamente no País Vasco, Castela e León, Estremadura, A Rioxa, Madrid e Cantabria. A xente nova

destas rexións de España tamén poderán vir a Galicia para participar nos nosos campamentos. Así mesmo, e como vén sendo habitual nas últimas convocatorias, resérvanse 230 prazas para facilitar a participación de descendentes de emigrantes galegos.

Campos de traballo

No que atinxe aos campos de traballo, nesta tempada estival terán lugar no territorio galego un total de 28, nos que os participantes realizarán tarefas de tipo medioambiental, arqueolóxicas, de restauración, culturais e patrimoniais, audiovisuais e de fomento do emprendemento, así como labores propios da organización dun festival. Esta Campaña de verán 2018 oferta 925 prazas en campos de traballo, das cales 603 son para a mocidade galega e as restantes para participantes doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, así como para voluntarios procedentes da Galicia exterior.

Así mesmo, os rapaces e rapazas da nosa comunidade poderán asistir a campos de traballo noutros puntos de España e en países europeos como Francia, Alemaña, Bélxica, Italia, Grecia, Países Baixos, República Checa, Estonia, Letonia, Serbia, Ucraína, Islandia, Armenia, Turquía; e incluso de fóra de Europa como Camboia, China, Filipinas, Hong-Kong, Xapón, Corea do Sur, Taiwán, Nepal, India e México.

Por último, a Xunta mantén a oferta da programación dirixida para xente nova con idades comprendidas entre os 18 e os 30, con 240 prazas dispoñibles; así como a oferta de prazas concertadas que volve ser este verán de 1195. Os concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos poderán facer uso desta oferta para organizar actividades en albergues e campamentos da Xunta.

<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>



A Xunta celebra o Día Europeo da Información Xuvenil cunha xornada sobre prevención de condutas adictivas

- ▶ **Esta efeméride reivindica a importancia de acompañar os mozos e mozas no seu camiño cara á emancipación e o seu pleno desenvolvemento como cidadáns**
- ▶ **A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acudiu á clausura do evento celebrado no Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago)**

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018.-A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, clausurou a xornada A información na prevención de condutas adictivas celebrada no Museo Pedagóxico de Galicia con motivo da conmemoración do Día Europeo da Información Xuvenil. Esta efeméride reivindica a importancia de acompañar aos mozos e mozas no seu camiño cara á emancipación e o seu pleno desenvolvemento como cidadáns.

A xornada tivo como obxectivo concienciar as persoas que traballan coa mocidade sobre a importancia da información para a prevención do consumo de alcol e drogas na xuventude.

A titular do departamento autonómico, destacou que estamos a vivir un momento no que o consumo destas substancias está aumentando entre a mocidade, segundo os últimos estudos, polo que considera importante que desde a Administración autonómica se aborde este tema desde unha perspectiva multidisciplinar.

A directora xeral indicou que a información e a prevención son indispensables para concienciar os mozos e mozas do problema do consumo de substancias adictivas.

Por este motivo destacou a importancia desta xornada á que acudiron máis de 100 técnicos/as de información xuvenil e na que participaron profesores universitarios, o Departamento de Participación Cidadá da Policía Nacional e mozos e mozas que deron a súa visión sobre esta problemática, unida tamén ás novas tecnoloxías da información.

Deste xeito, entre as mesas redondas destacan a do Botellón, selfies e WhatsApps. Claves e desafíos para informar, formar e educar no novo contexto dixital a cargo dos profesores Antonio Rial Boubeta da Universidade de Santiago de Compostela e Manuel Isorna, profesor da Universidade de Vigo.

O relatorio Alcol e drogas desde o ámbito penal correu a cargo de Raquel Pagola Quintana e José González Pértega, do Departamento de Participación Cidadá da Policía Nacional.

Para rematar varios mozos e mozas, correspondentes xuvenís, deron a súa visión sobre o incremento do consumo de tabaco, alcol e drogas.

A directora xeral agradeceu a todos e a todas relatores e participantes a súa asistencia e a colaboración na procura dunha solución a esta problemática, para que a través da información e difusión se poidan baixar as taxas actuais de consumo.

Rede galega de información xuvenil

A información xuvenil é considerada unha actividade de procura, tratamento e difusión da información xunto co asesoramento e orientación prestados á mocidade nos servizos de información xuvenil, que ten como obxecto poñer á disposición da mocidade os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións no exercicio da súa liberdade e autonomía e que fagan posible unha plena integración na sociedade.

Galicia conta desde 1994 cunha Rede de información

xuvenil configurada como un servizo público de carácter gratuito e de estrutura territorial que articula e coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades privadas sen ánimo de lucro.

Entre os seus obxectivos atópanse os de garantir a difusión da información xuvenil de maneira ampla e actualizada en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a máxima difusión de información sobre aqueles aspectos que afectan a mocidade.

A Rede galega está presente na maioría dos concellos galegos, chegando a practicamente todos os mozos e mozas, xa que conta con 248 oficinas locais de información xuvenil (OMIX), 12 Espazos Xove da Rede galega de centros de Xuventude dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, 50 Puntos de información xuvenil dependentes das asociacións e entidades prestadoras de servizos á xuventude e máis de 600 correspondentes xuvenís



<http://xuventude.xunta.es/rede-galega-de-informacion-xuvenil>



A Xunta de Galicia reivindica as capacidades creativas da mocidade como motor económico e cultural

► A 'Atlantic Brainstorming: Creativity & Jobs' reúne a representantes de 14 entidades de catro países: España, Portugal, Francia e Reino Unido.

Lugo, 12 de abril de 2018.-

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez Suárez, participou en Lugo no acto inaugural da iniciativa Atlantic Brainstorming: Creativity & Jobs Conferencia Europea da Creatividade, que reúne en Galicia a representantes de 14 entidades de catro países (España, Portugal, Francia e Reino Unido). Durante dous días, expertos e xente nova analizarán o mundo da creatividade e a implicación da mocidade nos procesos creativos, ao tempo que debaterán sobre o futuro do sector cultural como motor de emprego.

Cecilia Vázquez, que estivo acompañada do delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro Orol, fixo un chamamento á confianza nas ideas transformadoras que chegan da man da mocidade e reivindicou o papel que deben xogar os mozos e mozas como revulsivos da cultura e da economía. Ademais, destacou que esta Conferencia Europea estimula "a creación de novas oportunidades a través do intercambio de experiencias para fortalecer as posibilidades artísticas e laborais dos novos creadores buscando fórmulas para que todos os cidadáns poidamos gozar da súa arte". "É unha aposta máis pola creatividade xuvenil como fórmula previa ao emprendemento", engadiu.

A titular do departamento autonómico rematou a súa intervención sinalando que "iniciativas como esta Conferencia Europea é un exemplo de unión de esforzos e medios entre entidades de varios países europeos para ofrecer á xuventude ferramentas para o desenvolvemento

das súas capacidades creativas e ampliación das súas oportunidades".

As actividades da Conferencia, que recorrerán no edificio multiusos da Xunta de Galicia en Lugo e no Complexo Residencial Xvenil LUG2, están divididas en seis bloques: o primeiro, Atlantic Brainstorming, se centrará no emprego, o emprendemento e a economía circular; o segundo, Atlantic Océano, abordará os problemas dos residuos plásticos no Océano Atlántico; o terceiro, Creative Jam, será un espazo interactivo onde os mozos e mozas poderán participar en varios *workshops* innovadores e prácticos, e no cuarto, AYCH Hackaton, daranse a coñecer as novidades tecnolóxicas creadas pola xuventude.

O programa de actividades conta tamén con outros dous espazos: Creative Space, onde empresas e creativos poderán ensinar os seus proxectos e traballos, e +14, para centros escolares a través dun xogo de rol creativo.

Cooperación internacional

Esta Conferencia Europea da Creatividade é un dos 45 proxectos aprobados na primeira quenda do programa europeo Interreg Atlantic Area, que promove a cooperación transnacional en 36 rexións atlánticas de 5 países europeos (Irlanda, Reino Unido, Francia, España e Portugal), e descorre no marco do proxecto Atlantic Youth Creative Hubs (acrónimo AYCH), que conta cun orzamento de 4.227.620 euros e unha duración de tres anos.

Son socios do proxecto as seguintes entidades: Devon County Council; Plymouth College of Art; Plymouth County Council;



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez Suárez, participou esta mañá en Lugo no acto inaugural da iniciativa Atlantic Brainstorming: Creativity & Jobs Conferencia Europea da Creatividade

Plymouth Culture; Pacifistream Enterprise Solutions CIC; Brest Metropole; Ayuntamiento de Gijón; Ashton Community Trust; Gran Angouleme; Vida Láctea; Conference of the Atlantic Arc Cities; Cámara Municipal de Santo Tirso; e L'École de Desing Nantes Atlantique.

Todos eles buscan a creación de produtos e de redes de incubadoras creativas internacionais e de intercambios profesionais, así como a posta en marcha dun programa de formación, dunha mentorización internacional e de iniciativas de estancias creativas.

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu>



<https://www.atlanticarea.eu/>

A Xunta transformará os Centros Xove en Espazos Emprende para facilitar o labor emprendedor da mocidade

- ▶ Nestas instalacións, os usuarios terán acceso a asesoramento formativo, empresarial e persoal para encamiñar os seus proxectos
- ▶ Nos momentos iniciais da súa idea de negocio poderán mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos mediante a realización de actividades de titorización e asesoramento individualizado, formación personalizada e coaching persoal
- ▶ A rede de Espazos Emprende inclúe os centros de Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Ourense, e as oficinas transfronteiras de Verín e Tui.

Ourense, 26 de marzo de 2018.- A Xunta de Galicia transformará os actuais Centros Xove ou Casas da Xuventude en Espazos Emprende para que a mocidade poida crear e desenvolver iniciativas innovadoras e emprendedoras en instalacións adecuadas. Como novidade, os usuarios terán acceso a asesoramento formativo, empresarial e persoal para encamiñar os seus proxectos. A iniciativa, enmarcada no programa Lidera, foi presentada no Espazo Xove de Ourense pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez.

A responsable do departamento autonómico destacou que o fin destes novos espazos públicos de coworking, dinámicos e polivalentes, é tecer unha rede de apoio á empregabilidade da poboación xuvenil impulsando o espírito empresarial, é dicir, axudando aos mozos e mozas a xerar actividades profesionais e laborais na proximidade do seu ámbito territorial e que non o fagan sós. Nos momentos iniciais da súa idea de negocio poderán mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos mediante a realización de actividades de titorización e asesoramento individualizado, formación personalizada e coaching persoal.

Cecilia Vázquez sostivo que con esta iniciativa pioneira “o Goberno galego quere facilitar a adaptación e a colocación de 500 rapaces e rapazas que non

estean no mercado de traballo ou ben novos parados, a través da realización de actividades cara a unha procura activa de emprego, de mellora da súa empregabilidade e á posta en valor das súas inquietudes persoais”.

As titorías personalizadas incluírán acompañamento en autoemprego, cooperativismo, asesoramento en aspectos legais relativos á constitución de empresas, acceso a financiamento e mercadotecnia, entre outros. Ademais, activaranse protocolos de intervención, seguimento e avaliación do proxecto, así como o seguimento de indicadores de resultados. Tamén se desenvolverá

formación personalizada, incluída a de en liña e coaching individual.

Cecilia Vázquez destacou que este acompañamento intentará adaptarse, o máximo posible, á situación personalizada dos mozos e mozas, tanto naqueles casos en que se encontren en situación de transición laboral para axudarlles a aclarar os seus obxectivos profesionais e a descubrir oportunidades e perspectivas laborais; como aqueles que se encontren nun proceso de emprendemento máis maduro, cunha iniciativa máis elaborada ou mesmo en marcha.

A rede de Espazos Emprende, iniciativa enmarcada no programa Lidera (Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento novo transfronteirizo), inclúe os centros de Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Ourense, así como as oficinas transfronteiras de Información Xuvenil Galicia – Norte de Portugal de Verín e Tui xa que esta rede abarca

tamén o desenvolvemento económico transfronteirizo.

Proxecto Lidera

O proxecto Lidera foi aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP) co obxectivo de promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos e mozas do territorio. Conta cun orzamento de 1.428.692, 93 euros e unha duración de catro anos (2016-2019).

Son socios do proxecto a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a Fundación Galicia Europa, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios e Navegación de Santiago de Compostela, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (Ascega), o Instituto Portugués do Desporto e da Xuventude (IPDJ), a Federación Nacional de Asociacións Juvenís Portuguesas (FNAJ) e a Comunidade Intermunicipal do Ave.

<http://www.poctep.eu/es/inicio-2014-2020>

The screenshot shows the website interface for the Interreg España - Portugal 2014-2020 program. At the top, there is a navigation bar with links for 'Inicio', 'Acceso reservado gestión', 'Mapa del sitio', and 'Contacto'. The main header includes the 'Interreg España - Portugal' logo and the 'Fondo Europeo de Desarrollo Regional' text. A search bar and a language selector (Español, English, Portugués) are also present. Below the header, there is a large image of an olive branch with a drop of oil. The main content area is titled 'PROGRAMA INTERREG 2014-2020' and features a section for 'Últimas noticias' (Latest news). This section contains four news items, each with a date and a 'Más' button for more details. The news items include: '3ª EDICIÓN DE LOS PREMIOS PROYECTO ATLÁNTICO 2018: CONVOCATORIA ABIERTA HASTA EL 21/05/18' (23 Abr 2018), 'EL PROYECTO 0057_INTREPIDA_5_E VUELVE A ACOGER UN VOLUNTARIO EN EL MARCO DE LA INICIATIVA "INTERREG VOLUNTEER YOUTH"' (19 Abr 2018), 'ANUNCIO BASES DE LA SEGUNDA CONVOCATORIA POCTEP 2014/2020' (26 Mar 2018), and 'ENTREVISTA AL CIENTÍFICO AUBREY DE GREY - PROYECTO 0348_CIE_6_E (SALAMANCA, 28/02/18)' (21 Mar 2018).

A Xunta pon en marcha o Observatorio Galego de Acción Voluntaria como órgano asesor e dinamizador

- **A responsable autonómica de Xuventude destaca a importancia do Observatorio para impulsar o coñecemento, a coordinación e a planificación da rede de voluntariado de Galicia, formada por 40.000 persoas.**

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, participou nunha reunión ordinaria do Consello Galego de Acción Voluntaria, máximo órgano de participación e coordinación do voluntariado da Comunidade Autónoma. Na xuntanza designáronse aos vogais das asociacións que formarán parte do Observatorio Galego de Acción Voluntaria, nova entidade consultiva que inicia a súa andaina como asesora e dinamizadora da Rede de voluntariado galego que está integrada por 40.000 persoas.

Os vogais nomeados representan os preto de mil colectivos

inscritos no Rexistro de Acción Voluntaria nas áreas de servizos sociais, medio ambiente, protección civil, cooperación exterior, saúde, medio rural, educación, cultura e igualdade. A responsable do departamento autonómico de Xuventude, destacou o peso cada vez maior destas entidades que na última década creceron en número un 14% e que "son claves para entender porqué Galicia é unha das comunidades máis comprometidas e con maior índice de participación en materia solidaria, tal e como recoñece e o último informe da Plataforma do voluntariado sobre a acción voluntaria en España 2016", apuntou.

Xunto con estas entidades, no Observatorio Galego tamén están representadas as tres universidades galegas e o Instituto Galego de Estatística, ademais da propia Administración autonómica. Este órgano consultivo, que a Xunta aprobou a finais do ano pasado, contribuirá á participación das entidades e persoas voluntarias no estudo das súas necesidades e na análise da realidade social, así como na colaboración en materia de investigación e proxectos I+D+I, e na planificación, na xestión e no asesoramento, coordinación e avaliación das actividades desenvolvidas.

Por último, Cecilia Vázquez sinalou a importancia que terá o Observatorio como apoio aos voluntarios galegos, "que son, non o esquezamos, grandes

impulsores da transformación social".

O Consello Galego de Acción Voluntaria está integrado polas corporacións locais, designadas pola Federación Galega de Municipios e provincias (FEGAMP), as organizacións empresariais e sindicais, as universidades galegas, as entidades de acción voluntaria e pola propia Administración.

Por outra banda, o Consello abordou a celebración do XX Congreso Estatal de Voluntariado, que se desenvolverá en Galicia os días 28, 29 e 30 de novembro, para a designación dos representantes das entidades de acción voluntaria que formarán parte do comité científico e de expertos, ademais de contar con representación da Universidade, da Fegamp e do sector empresarial.

A Xunta subvencionará este ano un cento de proxectos de voluntariado para sensibilizar e formar en accións solidarias

- **A Administración autonómica investirá máis de 140.000 euros para este fin.**

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou a orde de axudas coas que a Xunta de Galicia prevé subvencionar este ano un cento de proxectos desenvolvidos por entidades de acción voluntaria de carácter privado. O seu obxectivo é difundir o valor do voluntariado, fomentar o traballo en redes dos distintos colectivos e apoiar a súa modernización e adaptación á realidade social.

A responsable autonómica sinalou que este ano manterase para este fin un orzamento, que ascende a 141.030 euros, semellante ao de edicións anteriores

e lembrou que desde o 2016 participaron destas axudas 196 entidades e 8.400 voluntarios con proxectos que beneficiaron en Galicia a 232.791 persoas.

Cecilia Vázquez destacou a importancia de manter esta sensibilización e formación dos colectivos de voluntariado nunha sociedade como a galega especialmente solidaria. "Somos a comunidade máis comprometida e con maior índice de participación tal e como recolle o último informe elaborado polo Observatorio de la Plataforma del Voluntariado en España, do 2016, e segundo corroboran os datos do Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia no que están inscritas 960 entidades

nas que participan 41.126 persoas, que día a día achegan o seu tempo e dedicación á mellora da sociedade", sostivo.

Poderán solicitar estas axudas as entidades de acción voluntaria de carácter privado e sen ánimo de lucro que realicen proxectos desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro sempre que se desenvolvan nestas áreas de sensibilización, formación

e coordinación. Outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e os colectivos deberán estar inscritos no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia. As solicitudes terán que presentarse por medios electrónicos e o prazo de presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no DOG

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

The screenshot shows the website interface for Voluntariado Galego.org. At the top, there is a navigation menu with links for 'Directorio', 'Novas', 'Asenda', 'Formación', 'A lba experiencia', 'Leisitación', 'Assesamento', and 'Mapa Web'. Below this, there is a grid of categories: 'Entidades', 'Fallo voluntario', 'Plan e programas', 'Subvencións', 'Punto de encontro', 'Rexistro', 'Ligazóns', and 'Contacto'. The main content area features a 'Novas' section with a date '(28-03-2016)' and a headline: 'ORDE POLA QUE SE REGULAN AS BASES DAS SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA VOLUNTARIADO XUVENIL 2016'. The text below the headline reads: 'Publicase a orde de subvencións do Programa Voluntariado Xovenil para entidades locais e de acción voluntaria que permitirá a execución de 160 proxectos de voluntariado en 2016 con 800 persoas implicadas'. To the right of the text is a calendar for April 2016, showing the date 28 as a Friday. The website footer includes the logo of Voluntariado Galego.org and the text 'XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL' along with the phone number '900 400 800'.

A Xunta aposta polo Programa de integración familiar como vía para garantir o benestar dos nenos e nenas



A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, realizou unha visita a un grupo de nais usuarias do programa

- ▶ **O Goberno galego e a Fundación Meniños desenvolven esta iniciativa nas catro provincias cun orzamento total de 630.671,21 euros, dos que a Administración autonómica achega 443.500 euros, un 6% máis que o ano pasado**
- ▶ **A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, realizou unha visita a un grupo de nais usuarias do programa**
- ▶ **A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, realizou unha visita a un grupo de nais usuarias do programa**
- ▶ **No 2017, foron atendidos a través deste programa 326 nenos e nenas de 191 familias.**

Santiago, 19 de abril de 2018.- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, realizou unha visita a un grupo de nais do Programa de integración familiar en Santiago que a Xunta de Galicia desenvolve en colaboración coa Fundación Meniños. O PIF inscribese na aposta da Administración autonómica pola atención aos menores, e responde ao compromiso de primar a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela.

A titular do departamento autonómico coñeceu de primeira a situación de cada unha das usuarias así como a valoración que fan do programa e trasladoulles que "desde a Xunta traballamos para mellorar a situación sociofamiliar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron

que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida ou con familias acolledoras". Así mesmo, tamén destacou que se traballa na prevención con nenos e nenas e as súas familias aínda que non estean baixo tutela administrativa para evitar posibles situacións de separación familiar. No 2017 o número total de familias atendidas ascendeu a 191 en toda Galicia.

O proxecto traballa fundamentalmente en tres áreas. A primeira é a reunificación familiar con intervencións directas nos núcleos familiares de referencia do menor e que ten por obxecto mellorar a situación social, familiar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e están a residir en centros de acollida. Nesta área, foron atendidos

114 nenos e nenas que corresponden a 70 familias.

O segundo ámbito de actuación céntrase na preservación familiar, potenciando os recursos das familias e promovendo os cambios que eviten a separación do menor da súa contorna familiar. Os 172 nenos e nenas atendidos en 2017 neste campo corresponden a 95 familias.

E a terceira área na que se desenvolve o programa denomínase funcionalidade familiar e ten como finalidade que a familia poida romper a dinámica de deterioración e adquira a funcionalidade mínima necesaria para constituír unha referencia positiva para os nenos e nenas. Neste campo, no pasado ano, traballouse con 26 familias que contaban cun total de 40 nenos e nenas.

Amparo González lembrou que este mesmo mes de abril, o Consello da Xunta deu luz verde ao novo convenio de colaboración coa Fundación Meniños que garante a continuidade do Programa de integración familiar (PIF) do que, ao longo deste ano, se beneficiarán ao redor de 200 familias e máis de 350 menores de toda Galicia. As principais novidades desta iniciativa son

o aumento do orzamento e a incorporación dun técnico para reforzar a atención ás familias na provincia de Lugo.

Así, a contía total do programa para o presente ano ascende a 630.671,21 euros, dos que a Administración autonómica, a través da Consellería de Política Social, achega 443.500 euros que supoñen un incremento do 6% con respecto ao convenio anterior. Pola súa parte, a Fundación Meniños contribúe con 187.171,21 euros.

Ademais deste programa, o Goberno galego desenvolve distintos proxectos destinados a mellorar a calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade social como o acollemento familiar, o acollemento residencial, o programa de adopcións, as accións de inserción sociolaboral, os programas socioeducativos ou o programa de mediación familiar. O orzamento autonómico de 2018 continúa afondando no benestar das familias e da infancia e nas últimas tres anualidades o crecemento acumulado das contas desta área ascende ao 54% ata acadar un montante de 133,2 millóns de euros.

https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/investigacion_pif_meninos.pdf



A Xunta e Ingada poñen en marcha un pioneiro Punto de Asesoramento Familiar en Galicia para persoas con TDAH

- ▶ O servizo será proporcionado por un equipo integrado por profesionais da Psicoloxía, Educación Social, Medicina, Terapia ocupacional, Orientación e Pedagogía que realizarán o seu labor a través de grupos de axuda, obradoiros e prestarán tamén atención individualizada aos usuarios
- ▶ A entidade tamén presentou unha guía de asesoramento familiar e outra de terapia ocupacional.

Narón (A Coruña), 9 de marzo de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acudiu á presentación do Punto de asesoramento familiar (PAF) da Fundación Ingada en Narón, mediante o cal se asesorará aos pais e nais dos nenos e nenas sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais dos fillos con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH). A posta en marcha deste novo servizo é froito da colaboración que a Xunta de Galicia e Ingada veñen mantendo dende hai anos e que se materializou hai uns meses coa sinatura dun convenio de colaboración para tal fin .

Deste xeito, o PAF orientará os usuarios para que poidan desenvolver adecuadamente as súas funcións de aprendizaxe e socializadoras, así como para que poidan superar situacións de necesidade e risco social. Esta iniciativa ofrecerá actividades de carácter preventivo e achegará medidas de intervención que contribúan a modificacións de condutas non desexadas. O servizo será proporcionado por un equipo multidisciplinar integrado por profesionais da Psicoloxía, Educación Social, Medicina, Terapia Ocupacional, Orientación e Pedagogía, que realizarán o seu labor a través de grupos de axuda, obradoiros, charlas e prestarán tamén atención individualizada aos usuarios. O punto de asesoramento estará dispoñible para todos os galegos e galegas que desexen facer uso del.

Por outra banda, a entidade

elaborará pautas de actuación e programas de apoio ás familias e derivará aqueles casos que por calquera motivo excedan á competencia dos labores do instituto a quen e onde proceda.

Así mesmo, nesta xornada, Ingada presentou unha guía de asesoramento familiar e outra de terapia ocupacional. A primeira delas ofrece información e dá resposta a moitas das preguntas e dúbidas que as familias teñen con respecto ao TDAH e aos xeitos de abordar este trastorno. No que respecta á guía de terapia ocupacional, esta busca achegar coñecementos interesantes, con tradución asistencial, para calquera terapeuta ocupacional en exercicio, así como para outros profesionais que desexen coñecer o campo de traballo específico desta disciplina co obxectivo de fomentar unha mellor atención interdisciplinar das persoas con TDAH.

O conselleiro de Política Social lembrou que “un 5,6% da poboación infantil está afectada por este trastorno, así como o 4% dos adultos”. Unha porcentaxe que converte o TDAH nunha das causas máis frecuentes de fracaso escolar e nunha patoloxía que non se limita á idade pediátrica, senón que perdura ao longo da vida. Trátase polo tanto, dun trastorno con grande incidencia na sociedade e o conselleiro de Política Social quixo amosar o seu compromiso con este colectivo tendendo a man da cara a posibles futuras colaboracións do departamento autonómico con Ingada para




O conselleiro de Política Social acudiu esta á presentación do Punto de Asesoramento Familiar da Fundación Ingada en Narón

poder facilitar o seu labor diario e que os seus recursos continúen a chegar ás persoas que máis o precisan. Ademais sinalou que “As administracións públicas e as entidades temos un papel fundamental, non só a nivel de oferta e mellora dos servizos, senón de concienciación para acadar unha inclusión social real e efectiva”.

Finalmente, e con respecto

as liñas de colaboración que a Xunta de Galicia viña mantendo coa entidade nos últimos anos se atopan actividades formativas como o curso de especialización en trastorno por TDAH para profesionais do tempo libre, un curso para aprender a falar en público e outra formación de orientación empresarial.

https://libreria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/tdah_e_terapia_ocupacional-02.pdf



A Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aproba os seus orzamentos para o ano 2018 que ascenden a 76,4 millóns de euros cun incremento do 10,26%

- ▶ Deuse conta do balance de 2017 e os asistentes aprobaron as grandes contas e as liñas de acción para o presente ano.
- ▶ O Consorcio pechou 2017 xestionando 7.616 prazas para nenos de 0 a 3 anos en 140 escolas infantís e 2.555 prazas en 70 centros para atención aos maiores
- ▶ No 2018 o ente prevé a apertura de 5 novas escolas infantís con 402 prazas e 8 centros de maiores con 225 prazas de centro de día e 136 prazas residenciais.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presidiu esta a xuntanza anual do ente público que se celebrou nas instalacións da EGAP

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018.- O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar celebrou a súa Asemblea xeral anual na que se aprobaron as contas para o exercicio de 2018, que ascenden a 76.490.340,25 euros, o que supón un incremento do 10,26% con respecto ao ano anterior. Á xuntanza, que tivo lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), foi encabezada por José Manuel Rey Varela, o conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia -departamento ao que está adscrito o Consorcio-, en calidade de presidente deste ente público.

Na súa intervención, Rey Varela fixou dos grandes retos sociais nos que avanzar desde o Consorcio, como son seguir mellorando as condicións laborais dos ao redor de 2.000 traballadores do organismo e continuar afondando na colaboración cos concellos "para xuntos prestar os mellores servizos nos 313 municipios galegos". Neste sentido, o conselleiro defendeu o municipalismo, ao tempo que avogou por continuar intensificando o diálogo e a colaboración entre administracións para desenvolver unhas políticas sociais próximas e de calidade. "Porque o importante non é quen presta os servizos, se non que estes sexan realmente eficaces e cheguen ás persoas e familias que máis precisan do apoio das administracións", apuntou.

Na Asemblea Xeral fíxose balance do ano 2017, exercicio no que o Consorcio seguiu mantendo e ampliando a súa rede, tanto de escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos, como de atención ás persoas maiores. En canto á primeira parte, entraron en funcionamento dous novos centros, o que supuxo incrementar a oferta en 123 prazas, ás que se suman outras 43 máis por ampliacións en varias escolas, co que a oferta nos centros da rede "A Galiña Azul" dependentes do Consorcio aumentou no curso 2017-2018 nun total de 166 prazas. En definitiva, o Consorcio pechou o ano 2017 xestionando 7616 prazas para nenos de 0 a 3 anos nun total de 140 escolas infantís distribuídas por toda Galicia.

No eido dos maiores, o Consorcio equipou e amoblou catro centros de día, e a Fundación Amancio Ortega (FAO) rematou a construción e equipamento dun centro interxeracional (que tamén inclúe unha escola infantil), que xestionará integramente o Consorcio. O Consorcio rematou 2017 xestionando 2253 prazas de centro de día, 206 prazas residenciais e 96 prazas de vivendas comunitarias, nun total de 70 centros para a atención aos maiores.

No programa "Xantar na Casa" de atención alimentaria a domicilio para persoas con dificultades participaban ao final do ano pasado 167 concellos,

cunha media mensual de 1300 usuarios. En materia de igualdade, o Consorcio continúa xestionando, en colaboración con Concello de Vigo, o Centro de Emerxencias para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, no que ingresaron o ano pasado 93 persoas e no que residiron durante 2017 un total de 104 persoas.

Na loita contra a pobreza e a exclusión social, o ente pechou 2017 con 18 equipos comarcais de Inclusión -máis o módulo "Nelson Mandela", na prisión de Teixeiro-, nos que traballan (dentro da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020) 59 técnicos, que atenderon a 11.001 persoas no pasado exercicio, realizando accións formativas das que se beneficiaron 1.106 persoas, e acadando 1.408 insercións laborais. E durante 2017 continuou igualmente o traballo dos centros "Quérote Máis" para o desenvolvemento integral dos mozos, cun saldo no pasado ano de 6.552 usuarios asesorados e 25.378 participantes en accións formativas.

Orzamento para 2018

Do Orzamento do Consorcio para 2018, que ascende a 76.490.340,25 euros, destinará

44.004.968 euros ao capítulo de persoal e 27.912.618,13 euros ao capítulo de gastos en bens correntes e mantemento de servizos, datos que corroboran a aposta do ente da Consellería de Política Social por seguir incrementando e mellorando os recursos que pon á disposición dos cidadáns para mellorar a súa calidade de vida e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Nese senso, ao longo de 2018 o Consorcio prevé poñer en servizo cinco novas escolas infantís, elevando a oferta en centros da rede "A Galiña Azul" dependentes do ente en 402 prazas, ata as 8.018, nun total de 145 escolas. Na área de benestar, este ano entrarán en funcionamento 8 novos centros para maiores (225 prazas máis de centro de día e 136, residenciais), acadando unha oferta total de 2.478 prazas de centro de día, 342 de fogar residencial e 96 de vivenda comunitaria.

Na Asemblea deuse conta ademais do inicio da aplicación en 2017 do modelo de cofinanciamento do Consorcio para escolas infantís e centros de día que xestiona este ente nos distintos municipios galegos, recollido no Acordo marco asinado en maio de 2016 pola

A Xunta de Galicia reforza o programa Promociona de formación da poboación xitana

Consellería de Política Social e pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e desenvolvido lexislativamente na Lei de medidas que complementou á Lei de orzamentos da Comunidade autónoma para 2017.

Ao longo do pasado ano, o Consorcio deu algúns pasos importantes tamén no proceso de integración dos traballadores do ente no Convenio Colectivo único do persoal laboral da Administración galega, asinando un acordo no ano 2017 cos principais sindicatos (UXT, CIG e CCOO). Cómpre lembrar que, cando ese proceso culmine, a nova situación achegará estabilidade aos profesionais do Consorcio, garantindo ao mesmo tempo un servizo de calidade aos usuarios nos centros e recursos dependentes do ente.

Finalmente, renováronse coa unanimidades dos presentes os membros que representan ás entidades locais na Asemblea Xeral do Consorcio. Os novos integrantes nese órgano serán os alcaldes dos concellos de Cerdedo-Cotobade, Jorge Cubela; de Brión, Xosé Luis García; de Carballo, Evencio Ferrero; e Sada, Benito Portela. O rexedor de Cerdedo-Cotobade será o vicepresidente do Consorcio ao representar ao grupo político con maior número de votos

<http://www.igualdadebenestar.org/>



- ▶ **A Administración autonómica incrementou nun 81% o orzamento con respecto ao curso pasado para este fin, chegando aos 63.500 euros**
- ▶ **A visita enmárcase na celebración o día 8 do Día Internacional do Pobo Xitano.**

Ourense, 5 de abril de 2018.- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, realizou unha visita á aula Promociona de Ourense, un programa da Xunta de Galicia e da Fundación Secretariado Gitano que ten como finalidade cubrir as necesidades que teñen as familias xitanas no ámbito educativo. Neste curso 2017-2018 a Administración autonómica apostou por este programa coa apertura desta nova aula na cidade das burgas. Cómpre destacar que tamén se abriu unha aula en Ferrol, polo que Promociona xa está presente nas sete grandes cidades galegas.

Isto foi posible grazas ao impulso orzamentario inxectado pola Xunta neste programa, que no presente curso chega aos 63.500 euros, o que supón un incremento do 81% con respecto ao 2016-2017.

A titular do departamento autonómico, defendeu a formación como “un piar básico para o desenvolvemento das persoas e para avanzar nunha igualdade de oportunidades real e efectiva e na plena integración social”. Neste sentido, Promociona promove a finalización dos estudos obrigatorios e busca favorecer o paso do alumnado xitano a estudos medios ou superiores e de formación profesional para incidir así na redución do abandono escolar que presenta unha boa parte desta comunidade.

Os destinatarios de Promociona son alumnos e alumnas do último ciclo de educación primaria -5º e 6º cursos- e de secundaria

obrigatoria –de 1º a 4 de ESO-; os cales reciben orientación educativa e acompañamento individualizado, así como clases de apoio e reforzo. O programa tamén procura a implicación dos familiares para conseguir o éxito educativo dos menores.

A iniciativa comezou a implantarse en Galicia no curso escolar 2008-2009 na localidade de Pontevedra. Desde entón, a súa implantación ten ido en aumento e na actualidade desenvólvese, co apoio da Xunta de Galicia, nos concellos da Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense e Ferrol.

No actual curso, o programa conta con 111 participantes en toda Galicia, dos que 16 asisten á aula de Ourense.

Amparo González considera prioritario continuar coa implantación de políticas activas que contribúan a avanzar na plena integración da poboación xitana, xa que a pesar dos avances que se teñen producido esta segue

a padecer desvantaxes sociais, polo que “cómpre seguir adiante con medidas que nos axuden a derrubar aquelas barreiras sociais que se resisten a caer e conseguir unha sociedade máis xusta e inclusiva sobre todo cando estamos a falar de menores”, asegurou. “Como Administración pública, temos que ofrecer as mesmas oportunidades a todos e a todas e o Programa Promociona persegue esta finalidade”.

Día Internacional do Pobo Xitano

O día 8 de abril lembra o primeiro Congreso mundial romaní/xitano realizado en Londres no ano 1971 e no que se instituíu a bandeira e o himno xitano.

A poboación xitana segue a experimentar desvantaxes sociais, motivo polo cal segue a celebrarse esta efeméride e tamén razón pola cal a Xunta de Galicia traballa para eliminar estas barreiras e conseguir unha sociedade igualitaria e inclusiva mediante programas que dan visibilidade a este tipo de celebracións que contribúen á sensibilización da sociedade no camiño da igualdade real e efectiva.



A Xunta reforza 'Xantar na casa' para favorecer a autonomía dos maiores que deciden permanecer nos seus fogares

- ▶ O programa garante unha alimentación equilibrada e de calidade e, en coordinación cos servizos sociais municipais, tamén permite detectar situacións de necesidade ou emerxencia dos usuarios que doutro xeito serían difíciles de coñecer
- ▶ O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou as instalacións da empresa concesionaria deste servizo
- ▶ Na actualidade, unha media de 1300 persoas reciben os menús nos seus domicilios e están adheridos ao programa 167 concellos.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou as instalacións da empresa concesionaria deste servizo

Silleda (Pontevedra), 3 de abril de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, coñeceu de primeira man as instalacións da empresa concesionaria do programa Xantar na casa, que a Xunta de Galicia presta en 167 concellos das catro provincias e do que se benefician unha media de 1.300 persoas. Nesta visita tamén participou o delegado territorial da Xunta na provincia de Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, así como o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez Muíños.

En declaracións aos medios, o conselleiro avanzou que o obxectivo é seguir ampliando o número de concellos adscritos a este programa, así como o de beneficiarios. Asemade, explicou que a través desta iniciativa se subministra en calquera punto do territorio galego menús preparados para toda a semana a persoas con déficit de autonomía, maiores, dependentes ou persoas en situación ou en risco de exclusión, que non poden cubrir as súas necesidades básicas por si mesmos.

Nesta liña, subliñou que "ademais de garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, posibilita que o usuario se manteña na súa casa. Así mesmo, apuntou que mediante a coordinación cos servizos sociais municipais, tamén permite

detectar situacións de necesidade ou emerxencia dos usuarios que doutro xeito sería difíciles de coñecer.

O conselleiro enmarcou o reforzo de Xantar na casa no impulso aos programas e servizos para atender as persoas maiores que manifiestan a súa preferencia por permanecer o maior tempo posible nos seus domicilios ou coas súas familias fronte ao acceso a unha praza residencial. Así, referiuse ao forte incremento dos recursos destinados ao Servizo de Axuda no Fogar, que hoxe conta con máis de

20.000 beneficiarios; á teleasistencia e o servizo de xeolocalizadores, con preto de 7000 usuarias; ao programa de voluntariado interxeracional "Acompañó" ou ao proxecto piloto de fogar-dixital no que Política Social está a traballar conxuntamente coa Axencia para a Modernización de Galicia (Amtega) e Televés.

'Xantar na casa' é un programa cofinanciado pola

Administración e os beneficiarios, no que a Xunta de Galicia sufraga aproximadamente o 50% do importe de cada menú, outro 25% o paga o concello e, o 25% restante o usuario.

Dende a súa creación, Xantar na Casa consegue cada ano moi elevadas porcentaxes no grao de satisfacción dos usuarios.

http://www.igualdadebenestar.org/interior.php?txt=arbore_web20&lg=gal



CONSORCIO GALEGO
de Servizos de Igualdade e Benestar

Loguearme | Portada | Contacto | RSS | Como adherirse ao consorcio |



UNIÓN EUROPEA

O Consorcio | Escolas infantís | Maiores | Xantar na casa | Inclusión | Tratamento da violencia | Actualidade | Publicacións | FEDEI

Que é?

Obxectivos
Condições
Implantación
Contacto

Que é?



O programa Xantar na casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores, dependentes e/ou en risco de exclusión social, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O Programa Xantar na casa artúclase na xestión directa por parte do Consorcio en colaboración coa Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar e cos concellos consorciados. Esta colaboración formalízase mediante a sinatura dos correspondentes convenios.

Xantar na casa pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade




© Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Accesibilidade | Aviso legal | Subscripción | RSS

A Xunta reforzará de novo o Servizo de Axuda no Fogar e ampliará o cadro de persoal dos equipos de valoración

- ▶ **A intención é seguir estendendo a atención, poñendo á disposición dos concellos máis horas dispoñibles de axuda a domicilio, así como axilizar os exames e asignación de recursos**
- ▶ **O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, explicou no Parlamento a situación da atención a persoas dependentes e os retos fixados para este ano**
- ▶ **O novo obxectivo é atender 5.000 novos demandantes de prestación en 2018, superando así as 60.000 persoas dependentes atendidas.**

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, anunciou en sede parlamentaria un maior reforzamento do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia en Galicia (SAAD) cun novo impulso do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e a ampliación dos equipos de valoración. O obxectivo é seguir

estendendo a atención a través de prestacións profesionais, así como axilizar os procedementos de exame e de asignación de recursos ás persoas que teñan recoñecida a súa dependencia.

Na súa intervención, o conselleiro destacou o notable incremento que se ten producido na atención a dependentes, que case se cuadruplicou entre o ano 2009 e a actualidade pasando

dos 14.000 de entón aos 55.177 actuais, segundo recollen os datos oficiais do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Esta cifra sitúa a Galicia cunha ratio de cobertura do 83,1%, case 7 puntos superior á media do Estado; destacando ademais o feito de que o 79% do total de servizos que se prestan teñen carácter profesional, máis de 11 puntos por riba da media nacional.

Nesta liña, Rey Varela avanzou que no exercicio de 2018 a Xunta volverá aumentar as horas postas á disposición dos 313 concellos galegos para a atención de dependentes a través da axuda a domicilio, de tal xeito que se chegarán a ofrecer 7 millóns de horas no conxunto do territorio. Así mesmo, tamén

se continuará potenciando a teleasistencia avanzada e se ofertarán novas libranzas, principalmente vinculadas a servizos.

Por último, o conselleiro fixou o novo obxectivo en atender 5.000 novos dependentes antes de que remate o presente ano, co que a cifra global de persoas con prestacións superará as 60.000 e quedará así cumprido na metade de tempo un reto que nun principio se tiña fixado para os catro anos de lexislatura. Para continuar con esta senda de crecemento na atención os orzamentos autonómicos de 2018 para a área de Maiores ascende a 369 millóns de euros, un 9% máis que o curso pasado e 231 millóns de euros máis que en 2009.

A Xunta de Galicia destaca a relevancia das persoas maiores na sociedade na Festa de Maiores de Santa Comba

- ▶ **O titular autonómico departiu cos asistentes e lembrou os programas e servizos a disposición deste colectivo para fomentar o envellecemento activo e os hábitos de vida saudables**
- ▶ **O compromiso con este colectivo por parte do Goberno galegoponse de manifesto no incremento en máis dun 11% dos orzamentos da área de maiores para 2018 con respecto ao ano pasado, chegando aos 309 millóns de euros.**

Santa Comba (A Coruña), 14 de abril de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acudiu á festa dos maiores de Santa Comba onde tivo a oportunidade de departir cos asistentes e escoitar as súas necesidades e demandas.

Durante a súa intervención, Rey Varela lembrou a importancia das persoas maiores na construción da sociedade moderna e do benestar de hoxe, engadindo que teñen un papel fundamental no pasado, presente

e futuro da nosa comunidade. "Sodes as nosas árbores máis lonxevas e a vosa sabedoría, experiencia e saber facer son os mellores froitos dos que se nutren as novas xeracións", afirmou o conselleiro.

Así mesmo, o titular autonómico fixo referencia aos múltiples servizos que o departamento autonómico que representa pon a disposición das persoas maiores para fomentar o envellecemento activo e os hábitos de vida saudables como a mellor

maneira de previr situacións de dependencia.

Neste sentido, Rey Varela fixo alusión aos programas de benestar en balnearios, mediante o cal se ofertan estadias e tratamento termal para maiores; e xuntos polo Nadal, dirixido a aquelas persoas maiores que se atopan soas durante as datas de Nadal.

Trátase de programas que se

enmarcan na Estratexia galega de envellecemento activo, que xorde coa vontade de dar resposta ao incremento da esperanza de vida media en Galicia. "Con ela, reforzamos o compromiso co benestar das persoas maiores e tamén das persoas con discapacidade, ambos colectivos prioritarios para o goberno galego", explicou Rey Varela.



Rey Varela lembrou a importancia das persoas maiores na construción da sociedade moderna e do benestar de hoxe

Xunta e Imsero acordan converter o Cegadi nun centro de referencia estatal na atención a persoas con discapacidade

- ▶ O equipamento acollerá unha delegación da oficina de axudas técnicas do Imsero (Ceapat) para que ningunha persoa con discapacidade ou familiar teña que saír de Galicia para solicitar as axudas técnicas máis innovadoras que faciliten a plena integración
- ▶ O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a directora xeral do Instituto de Mayores y Servicios Sociales (Imsero), Carmen Balfagón Lloreda, reafirmaron o compromiso de impulsar de maneira definitiva a Centro Galego de Desenvolvemento Integral
- ▶ O responsable da área social do Goberno galego asegurou que este acordo é un salto cualitativo para sacar o máximo rendemento a un recurso que acollerá servizos de fisioterapia, rehabilitación e terapia ocupacional, así como actividades de formación e o fomento da investigación, entre outras



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a directora xeral do Instituto de Mayores y Servicios Sociales (Imsero), Carmen Balfagón Lloreda, reafirmaron o compromiso de impulsar de maneira definitiva a Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a directora xeral do Instituto de Mayores y Servicios Sociales (Imsero), Carmen Balfagón Lloreda, reafirmaron o compromiso de impulsar de maneira definitiva a Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi). De feito, o protocolo asinado por ambos mandatarios nas dependencias de San Caetano situará este equipamento como centro de referencia estatal no ámbito da discapacidade.

Rey Varela e Balfagón Lloreda apuntaron que con este acto de sinatura se están a desenvolver os acordos aos que chegaron o pasado día 16 de febreiro o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e a Ministra de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Dolores Montserrat. Así mesmo, salientaron que este protocolo responde ao compromiso de ambos executivos de facer políticas centradas nas persoas.

Na súa intervención, Rey Varela afirmou que este acordo "supón un salto cualitativo" nos campos da promoción e o desenvolvemento de boas prácticas, o desenvolvemento de programas e técnicas de intervención innovadoras, a difusión de coñecementos e a

promoción da investigación. "Obxectivos que responden a un dos eixos prioritarios da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 como é o de potenciar a innovación, a investigación e as boas prácticas en materia de discapacidade e atención á diversidade", apuntou.

Ademais, o conselleiro explicou que a Xunta traballa coa finalidade de optimizar e sacar o maior rendemento ao Cegadi. Neste fin enmarcou este protocolo co Imsero, a posta en marcha en decembro do ano pasado dos servizos de tutela de persoas adultas con discapacidade e de valoración da situación de discapacidade e dependencia, así como a próxima entrada en funcionamento nestas instalacións de diferentes servizos de fisioterapia, rehabilitación, terapia ocupacional, integración sensorial e psicomotricidade ou logopedia, entre outros. "Queremos que o Cegadi sexa tamén un referente en materia de formación e innovación", insistiu.

Ao respecto, Rey Varela indicou que todas estas actuacións "inscríbense na aposta da Xunta de Galicia por poñer máis e mellores servizos a disposición dos galegos e galegas e, especialmente, para aqueles colectivos que máis o

precisan, como son as persoas con discapacidade".

Pola súa banda, a directora xeral do Imsero manifestou que con este protocolo o Goberno central contribúe coa Xunta en prestar a mellor atención ás persoas con discapacidade a través da posta en marcha do Cegadi, que se convirte en recurso de referencia para o conxunto de España e nun centro pioneiro en investigación.

Neste sentido, ademais dos novos servizos cos que contará, este centro albergará unha delegación do centro de axudas técnicas (Ceapat) do Imsero coa finalidade de que os afectados e os seus familiares non teñan que saír de Galicia para solicitar estas

axudas técnicas máis innovadoras na procura de que poidan ter unha vida totalmente inclusiva.

Outro servizo do Cegadi que destacou a responsable do Imsero foi a disposición de 32 prazas residenciais que cubrirán as necesidades integrais das persoas con discapacidade que as necesitan polas súas circunstancias persoais e sociais.

Por último, Rey Varela e Balfagón Lloreda avogaron por seguir adiante coa colaboración entre administracións e entidades do sector da discapacidade para, entre todos, facer que o Cegadi sexa un recurso innovador que aporte solucións para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física

<https://libraria.xunta.gal/gl/estratexia-galega-sobre-discapacidade-2015-2020-version-en-lectura-facil>

<https://libraria.xunta.gal/gl/estratexia-galega-sobre-discapacidade-2015-2020>

Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020



Versión en lectura fácil

Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020



A Xunta avoga no Consello da Unión Europea pola coordinación dos servizos sociais, educativos e de emprego para favorecer a inclusión da xente nova máis vulnerable



O conseleiro de Política Social en Bruxelas

- O responsable da Área social do Goberno galego, que representou nesta xuntanza ao resto das autonomías, defendeu a necesidade de incorporar á formación o desenvolvemento de competencias relacionadas coa autonomía persoal que faciliten o desenvolvemento de cidadáns plenamente autónomos e activos.

Bruxelas, 15 de marzo de 2018.- O conseleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, avogou en Bruxelas por unha maior coordinación dos servizos sociais, educativos e de emprego co obxecto de favorecer a inclusión da xente nova máis vulnerable na transición da etapa educativa á vida laboral. O titular de Política Social, en representación das Comunidades Autónomas, participou na xuntanza do Consello da Unión Europea para a área de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores (Epsco), que reúne aos responsables ministeriais deste ámbito de todos os estados membros.

Rey Varela interveu con motivo da adopción dunha recomendación europea sobre un Marco Europeo para unha Formación de Aprendices de Calidade e Eficaz, coa que se pretende axudar á mocidade na súa incorporación ao mercado laboral. Nesta liña, defendeu as vantaxes da formación profesional con prácticas laborais para apoiar a inclusión da xuventude e contribuír a

procurarlle rutas específicas de acceso ao emprego, así como a necesidade de deseñar itinerarios individualizados que aumenten as posibilidades de integración das persoas desempregadas de longa duración.

Ademais, o conseleiro destacou a importancia de combinar os itinerarios individualizados coa formación, o que considerou especialmente adecuado para favorecer a inclusión da xente nova máis vulnerable no tránsito desde a etapa educativa á vida laboral. "Esta fórmula combinada permite perseguir un obxectivo máis integral como é a capacitación para a vida independente, na que a inserción laboral é un factor clave pero non o único", dixo. Ao respecto, explicou que "é decisivo incorporar de maneira simultánea, xunto á capacitación laboral, o desenvolvemento de competencias relacionadas coa autonomía persoal e que faciliten que os mozos e mozas sexan cidadáns plenamente autónomos e activos".

Por último, o responsable da área social do Goberno galego insistiu en que "os servizos sociais reforzan a eficacia dos servizos educativos e dos de emprego", polo que aseverou que "a coordinación entre todos eles é crucial". Neste sentido, considerou positivo a implicación dos

interlocutores sociais e entidades do terceiro sector que traballan no ámbito da inclusión para seguir avanzando na mellora da formación, a empregabilidade e a integración plena da xente nova en particular, e de persoas de máis idade que se atopan nunha situación de desemprego.

Participación de Galicia no Consello da EPSCO

Esta é a terceira vez que a Comunidade Autónoma de Galicia coordina a participación autonómica no Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores. Así, durante o primeiro semestre do ano, e coincidindo coa Presidencia búlgara da UE, Galicia está a participar a nivel técnico no Grupo de Asuntos Sociais e, no plano político, nas dúas reunións ministeriais previstas. A conciliación entre a vida laboral e familiar ou o desenvolvemento infantil temperá son algunhas das cuestións que se están a abordar durante este tempo.

<https://www.xunta.gal/politica-social>

Inicio | Mapa do portal | Contacto | Suxestións e queixas | Accesibilidade | GALEGO | CASTELLANO

Política Social

- Consellería
- Sala de comunicación
- Recursos
- Temas

FORMATADO DE ALTO CONTRASTE

...unha web accesible >>

Estabécese a posibilidade de consultar a web a través dun formato de alto contraste para que poida ser consultado con maior facilidade por persoas con algún tipo de deficiencia visual.

ALERTAS e PUBLICACIONES de política social

inancia familia discapacidade dependencia comunidade e inclusión maiores

Campamentos de verano específicos para personas con discapacidad 2017

Leer Más...

OX BEBÉ É O PROTAGONISTA DA SÚA VIDA 0 A 3 Así, Así

AXUDAS E SUBVENCIÓNS. FONDOS EUROPEOS

Unión Europea

PO FSE Galicia 2014-2020 "Inviste no teu futuro"

PO FEDER Galicia 2014-2020 "Unha maneira de facer Europa"

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	Abril	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
Febreiro	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata
11 de febreiro	7 de abril	15 de xuño	Agosto
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	12 de agosto
20 de febreiro	28 de abril	19 de xuño	- Día Internacional da Xuventude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	19 de agosto
Marzo	29 de abril	20 de xuño	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	- Día Mundial dos Refuxiados	23 de agosto
- Día da cero Discriminación (ONUSIDA)	Maiο	23 de xuño	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición
8 de marzo	15 de maio	- Día Internacional das Viúvas	30 de agosto
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas
20 de marzo	21 de maio	- Día da Xente do Mar	Setembro
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	26 de xuño	5 de setembro
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	- Día Internacional da Beneficencia
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	8 de setembro
- Día Mundial da Síndrome de Down	Xuño	Xullo	- Día Internacional da Alfabetización
24 de marzo	1º de xuño	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	10 de setembro
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	15 de setembro
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión	- Día Mundial da Poboación	- Día Internacional da Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

Outubro

1º de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

Decembro

1º de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolición da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/familyday/>



Día Internacional da Familia

15 de maio

<http://www.un.org/es/events/parentsday/>



Día Mundial das Nais e os Pais

1 de xuño

<http://www.un.org/es/events/childvictimday/>



Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión

4 de xuño

<http://www.un.org/es/events/childlabourday/>



Día Mundial contra o Traballo Infantil

12 de xuño

<http://www.un.org/es/events/elderabuse/>



Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez

15 de xuño

<http://www.un.org/es/events/refugeeday/>



Día Mundial dos Refuxiados

20 de xuño

<http://www.un.org/es/events/widowsday/>



Día Internacional das Viúvas

23 de xuño


Estatísticas

Estatística do Padrón continuo. Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2018

Segundo o Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2018 do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas empadroadas en Galicia é de 2.700.970, coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.119.091 habitantes; Lugo, 331.232; Ourense, 309.112; e Pontevedra, 941.535.

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	536.516	582.575	1.119.091
Lugo	160.607	170.625	331.232
Ourense	148.332	160.780	309.112
Pontevedra	454.764	486.771	941.535
Galicia	1.300.219	1.400.751	2.700.970
España	22.885.331	23.813.238	46.698.569

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2018 do INE. Datos provisionais



Poboación por comunidades autónomas en 1 de xaneiro de 2018

España	46.698.569	
Andalucía	8.379.248	17,94 %
Aragón	1.307.984	2,80 %
Principado de Asturias	1.028.135	2,20 %
Illas Baleares	1.128.139	2,42 %
Canarias	2.126.779	4,55 %
Cantabria	580.067	1,24 %
Castela e León	2.407.650	5,16 %
Castela – A Mancha	2.025.510	4,34 %
Cataluña	7.596.131	16,27 %
Comunidade Valenciana	4.959.243	10,62 %
Estremadura	1.072.059	2,30 %
Galicia	2.700.970	5,78 %
Comunidade de Madrid	6.576.009	14,08 %
Rexión de Murcia	1.477.946	3,16 %
Comunidade Foral de Navarra	647.219	1,39 %
País Vasco	2.198.657	4,71 %
A Ríoxa	315.371	0,68 %
Ceuta	85.144	0,18 %
Melilla	86.308	0,18 %

O Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. A súa formación, mantemento, revisión e custodia corresponde aos respectivos concellos e da súa actualización obtense a revisión do Padrón municipal con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano


Evolución da poboación

A poboación de Galicia diminuíu un 2,99% en 2018 con respecto ao Padrón de 2008 e a participación no total nacional diminuíu en 0,25 puntos (6,03% en 2008). Ademais, nas provincias de Lugo e Ourense producíronse perdas de poboación do 6,84% e o 8,03% respectivamente con respecto ao padrón de 2008.

A evolución da poboación de Galicia dende 2008 é a seguinte:

Ano	Homes	Mulleres	TOTAL
2008	1.344.268	1.439.901	2.784.169
2009	1.349.603	1.446.489	2.796.089
2010	1.350.547	1.447.106	2.797.653
2011	1.349.591	1.445.831	2.795.422
2012	1.343.328	1.438.170	2.781.498
2013	1.335.122	1.430.818	2.765.940
2014	1.325.657	1.423.038	2.748.695
2015	1.317.054	1.415.293	2.732.347
2016	1.309.809	1.408.716	2.718.525
2017	1.304.392	1.403.947	2.708.339
2018	1.300.219	1.400.751	2.700.970

Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2017 do INE. Datos provisionais





A poboación por grupos de idade

En Galicia e España a distribución por tramos de idade da poboación residente é a seguinte (resultados provisionais):

	Total	0-15	16-64	65 e máis
A Coruña	1.119.091	145.040	701.670	268.512
Lugo	331.232	35.491	199.914	96.059
Ourense	309.112	32.685	180.074	96.259
Pontevedra	941.535	130.747	602.498	205.109
Galicia	2.700.970	343.963	1.684.156	665.939
España	46.698.569	7.384.066	30.408.765	8.764.204



Fonte: Revisión do Padrón municipal de habitantes 2018 do INE. Datos provisionais



Distribución da poboación nova entre 15 e 29 anos

	Total	15-19	20-24	25-29	15-29	Porcentaxes da poboación nova de 15 a 29 anos
A Coruña	1.119.091	43.643	44.799	51.226	139.668	12,48 %
Lugo	331.232	11.291	12.525	15.184	39.000	11,77 %
Ourense	309.112	10.409	11.953	13.722	36.084	11,67 %
Pontevedra	941.535	40.806	40.965	46.376	128.147	13,61 %
Galicia	2.700.970	106.149	110.242	126.508	342.899	12,70 %
España	46.698.569	2.251.575	2.286.964	2.556.000	7.094.539	15,19 %

Porcentaxes da poboación nova en Galicia



Estadísticas

Enquisa de poboación activa (EPA)

Os datos correspondentes á poboación activa, ocupada, parada e inactiva en Galicia e España no 1º trimestre de 2018, expresados en miles de persoas, son os seguintes:

	Total	Activos	Ocupados	Parados
A Coruña	967,7	525,7	452,8	73,0
Lugo	292,2	149,4	134,9	14,5
Ourense	271,7	130,0	111,4	18,5
Pontevedra	803,2	431,6	351,0	80,5
Galicia	2.334,8	1.236,6	1.050,1	186,5
España	38.779,8	22.670,3	18.874,2	3.796,1

Fonte: EPA 1º trimestre 2018 do INE-IGE

A distribución dos ocupados, parados, taxa de paro e taxa de emprego por comunidades autónomas é a seguinte:

	Ocupados (*)	Parados (*)	Taxa de emprego	Taxas de paro
Andalucía	2.967,7	975,7	43,0	24,7
Aragón	561,1	73,5	51,4	11,6
Asturias	387,9	68,6	43,3	15,0
Islles Balears	488,7	103,1	50,2	17,4
Canarias	879,5	228,4	47,7	20,6
Cantabria	235,6	33,5	47,9	12,5
Castilla-La Mancha	957,9	154,8	46,6	13,9
Castilla y León	777,2	202,7	46,5	20,7
Cataluña	3.303,3	458,7	53,5	12,2
Valencia	1.997,7	413,0	48,4	17,1
Extremadura	366,7	128,4	40,8	25,9
Galicia	1.050,1	186,5	45,0	15,1
Madrid	2.948,9	456,2	54,8	13,4
Murcia	573,3	131,0	48,0	18,6
Navarra	276,1	32,5	52,3	10,5
País Vasco	913,3	110,2	50,2	10,8
La Rioja	134,9	16,7	51,9	11,0
Ceuta	26,6	12,2	40,5	31,4
Melilla	27,7	10,4	44,3	27,2
TOTAL	18.874,2	3.796,1	48,7	16,7

(*) en miles de persoas

A distribución das taxas de paro por sexo en Galicia e España é a seguinte:

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	13,9	13,5	14,3
Lugo	9,7	8,6	10,8
Ourense	14,3	14,3	14,2
Pontevedra	18,7	17,1	20,3
Galicia	15,1	14,2	16,0
España	16,7	15,2	18,5

Fonte: EPA 4º trimestre 2017 do INE-IGE





A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE dende 1964, sendo a metodoloxía vixente na actualidade a de 2005.

A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre que equivalen aproximadamente a 180.000 persoas.

Taxa de paro por comunidades autónomas



Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil

Taxas de actividade, ocupación e paro para a poboación de 16 a 29 anos por sexo.

As taxas de actividade, ocupación e paro da poboación de 16 a 29 anos en Galicia, segundo a Enquisa de poboación activa do 1º trimestre de 2018 do INE-IGE, é a seguinte:


	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
A Coruña	50,3	36,3	27,9
Lugo	46	37,5	18,4
Ourense	50,8	40,4	20,4
Pontevedra	47,6	34,6	27,2
Galicia	48,8	36,2	25,8

A evolución das taxas de paro da poboación de 16 a 29 anos por sexo é a seguinte:

Ano 1º trimestre	Homes	Mulleres	TOTAL
2010/I	29,1	25,6	27,4
2011/I	31,8	30,3	31,1
2012/I	33,8	33,3	33,6
2013/I	39,8	37,8	38,8
2014/I	41,3	39,1	40,2
2015/I	38,5	35,7	37,2
2016/I	31,6	31,2	31,4
2017/I	27,4	25,5	26,5
2018/I	24,3	27,4	25,8

Fonte: EPA 1º trimestre 2018 do INE-IGE

**Evolución da poboación parada de 16 a 19 anos
Galicia primer trimestre de 2010-2018**



Poboación entre 16 e 29 anos segundo cursen ou non estudos, por sexo. Galicia e provincias.

A poboación entre 16 e 19 anos segundo cursen ou non estudos, por sexo en Galicia e provincias, expresados en miles é a seguinte:


	Total			Cursa estudos			Non cursa estudos		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	129,9	65,9	64	76,9	39,3	37,7	53	26,6	26,4
Lugo	36,6	18,6	18	21,4	10,3	11,1	15,2	8,3	6,9
Ourense	33,7	17,3	16,4	18,6	9,3	9,3	15,1	8	7,1
Pontevedra	119	61,1	57,9	70,9	34,3	36,6	48,1	26,8	21,3
Galicia	319,2	162,9	156,3	187,8	93,2	94,6	131,4	69,7	61,6

E a evolución por sexo é a seguinte:

Ano 1º trimestre	Cursa estudos		Non cursa estudos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2010/I	96,4	106,9	117	99,4
2011/I	96,3	108,2	107,5	88,9
2012/I	95,4	100	99,3	88,7
2013/I	91,1	101,3	95,1	79,5
2014/I	92,2	98,7	86,4	74,5
2015/I	92,2	98,2	80,5	68,8
2016/I	87,6	94,3	80,6	67,8
2017/I	88,9	92,6	76,3	66
2018/I	93,2	94,6	69,7	61,6

Fonte: EPA 1º trimestre 2018 do INE-IGE

**Evolución da poboación de 16 a 19 anos segundo
cursen ou non estudos. 2010-2018**



Alertas bibliográficas

Publicacións periódicas

• **Alternativas. Cuadernos de Trabajo Social**

<https://alternativasts.ua.es/>

ISSN: 1133-0473. ISSN electrónico: 1989-9971 Depósito legal: A 974-2015. DOI: 10.14198/ALTER Inicio: n.º. 1- 2001- Periodicidade: anual

Edita: Universidad de Alicante. Departamento de Trabajo Social y Servicios Sociales

A Revista Alternativas. Cuadernos de Trabajo Social é unha publicación do Departamento de Trabajo Social e Servizos Sociais da Universidade de Alacante. Fundada co mesmo título en 1992 pola Escola Universitaria de Trabajo Social da Universidade de Alacante, publícase desde o ano 2009 polo Departamento de Trabajo Social e Servizos Sociais da devandita universidade. A súa periodicidade é anual. Os traballos publícanse en español, inglés, francés e portugués. Trátase dunha revista arbitrada que utiliza o sistema de revisión externa por expertos (peer-review) no coñecemento dos obxectos investigados e nas metodoloxías utilizadas nas investigacións. Adopta e adhírese ás normas de publicación establecidas no Manual da APA. Alternativas.

Trátase dunha revista científica internacional arbitrada de Trabajo Social e Ciencias Sociais. O seu obxectivo é contribuír á difusión de investigacións orixinais, traballos teóricos, experiencias prácticas e notas técnicas, realizadas no noso país e no ámbito internacional, relativos a Trabajo Social, Política Social e Servizos Sociais, así como a outras disciplinas e profesións que, desde un punto de vista multi e interdisciplinar, enriquecen e complementan a disciplina e a acción profesional do traballo social no ámbito das Ciencias Sociais. Os traballos publícanse en español, inglés, francés e portugués.

Último n.º. publicado: n.º. 24, 2017:

https://alternativasts.ua.es/issue/view/issue/2017-n24/pdf_n24.

DOI:

<https://doi.org/10.14198/ALTERN2017.24>

• **Comunitaria. Revista Internacional de Trabajo Social y Ciencias Sociales = International Journal of Social Work and Social Sciences**

<http://www.comunitania.com/numero-1-crisis-del-estado-de-bienestar/>

ISSN 2173-0512 – ISSN-e 2173-0520. DOI: <http://dx.doi.org/10.5944/comunitania>. Inicio: 2011, n.º 1- Periodicidade: semestral

Edita: UNED (Universidade Nacional de Educación a Distancia, Facultade de Dereito, Departamento de Trabajo Social (Madrid))

Director: Antonio López Peláez

Revista académica, que ten dous obxectivos básicos: – En primeiro lugar, publicar artigos da máxima calidade e relevancia científica, no ámbito do Trabajo Social e as Ciencias Sociais. – En segundo lugar, converterse nun foro de debate no que se poidan abordar os principais retos para a investigación no ámbito do Trabajo Social e as Ciencias Sociais. Comunitaria ten unha clara vocación internacional, tanto na composición do seu consello editorial, como no interese por publicar investigacións rigorosas realizadas en calquera lugar no ámbito do Trabajo Social e as Ciencias Sociais.

Último n.º. Publicado: n.º. 15, xaneiro de 2018

<http://www.comunitania.com/numero-15/>

• **Faro del silencio. La revista de todas las personas sordas**

<http://www.cnse.es/faro.php>

ISSN-e: 1576-4168. Dep. legal: M-10837-77. Inicio: 1977- Periodicidade: Bimestral

Edita: Confederación Estatal de Personas Sordas (<http://www.cnse.es/>)

No último ano (2017) publicaron dous n.ºs.

- Ano, XL, n.º. 258, xaneiro-abril de 2017, dedicado a: "X solidaria. Programas que cambian vidas"

http://www.cnse.es/uploaded/publicaciones/17072017133148_7830.pdf

- Último n.º publicado: Ano XL, n.º. 259, maio-agosto de 2017, dedicado ao "Día Nacional da Lingua de Signos".

http://www.cnse.es/uploaded/publicaciones/16112017121629_9074.pdf

• **Mosaico : revista de la Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar = Journal of the Spanish Federation of Family Therapy Associations**

<https://www.feاتف.org/revista-mosaico/>

ISSN: 1887-0600. Inicio: 1996- Periodicidade: Cuadrimestral

Edita: Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar (FEATF)

Director: Javier Ortega Allué

A revista científica MOSAICO é un medio de difusión de actividades científicas e de promoción da Federación Española de Asociacións de Terapia Familiar (FEATF), así como de artigos e investigacións relacionadas co ámbito da Terapia Familiar, e o pensamento sistémico-relacional. Desde hai uns anos conta coa colaboración da Sociedade Portuguesa de Terapia Familiar.

Os obxectivos básicos de revista Mosaico son:

- Promover os fins e ser o órgano de expresión da FEATF.

- Publicar traballos de carácter científico que estean realizados con rigor

Alertas bibliográficas

metodolóxico e que supoñan unha contribución ao progreso no ámbito da Terapia Familiar e na aplicación do modelo sistémico-relacional.

- Abrir liñas de debate respecto da teoría e praxe, de maneira xeral, da Terapia Familiar.
- Difundir acontecementos (congresos, xornadas, seminarios, cursos, encontros, etc.) relativos a esta especialidade.
- Ser un elemento de unión e comunicación de actividades das distintas Asociacións que conforman FEATF, e de FEATF con outros organismos e Institucións.
- Fomentar e desenvolver a educación e formación no modelo sistémico-relacional e nos seus diversos ámbitos de aplicación

Último número publicado: nº 69. dedicado ao Congreso de Cartagena de 2017

• Revista Policefalia

https://www.fundacioningada.net/revista_policefalia_es

Inicio: 2017- Periodicidade: mensual

Edita: Fundación Ingada

A Revista Policefalia é unha publicación mensual onde mozos colaboradores da Fundación INGADA con inquietudes queren divulgar coñecemento e descubrir novos talentos. Así, mestúranse diferentes áreas de traballo que converxen nunha matriz común onde ser diferente é un valor para o equipo.

Revista elaborada por un grupo de xente nova de diferentes idades, estudos e gostos, con gañas de transmitir os seus coñecementos e experiencia e dar a oportunidade a outras persoas a expresarse da forma que queiran nun espazo onde ninguén xulga a ninguén

• Revista sobre la infancia y la adolescencia

ISSN-e: 2174-7210. Inicio: 2011- Periodicidade: Semestral

Edita: Universitat Politècnica de València. Servizo de Publicacións

A revista preséntase como un foro permanente de discusión e reflexión, no que se dan cita profesionais e investigadores, tanto de España como do resto do mundo, que traballan con menores ou constitúen o seu obxecto de estudo, respectivamente Editorial

Último núm publicado: nº. 14, 2018

<https://polipapers.upv.es/index.php/reinad/issue/view/785>

Editorial núm. 14 / Vicente Cabedo Mallol, Francisca Ramón Fernández.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2018.9977>

Artigos

- El acoso escolar como forma de violencia en la enseñanza secundaria, una visión legal del problema / Antonio Carrillo Izquierdo.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2018.6780>

- Infancias Ignoradas. Hijos e Hijas de Mujeres Víctimas de Violencia en situación de Refugio / Rosalia Carrillo Meráz, Graciela Jiménez Bernal.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2018.7203>

- La mayoría de edad como requisito para la rectificación registral del sexo y el nombre: una cuestión de derechos fundamentales / Juan Manuel Sánchez Freyre.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2018.7367>

- Análisis de variables psicopedagógicas en hijos adolescentes violentos desde el modelo cognitivo / Cristian Molla Esparza, Concepción Aroca-Montolío, Fran J. García-García.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2018.7682>

- Imaginario del bullying y su vinculación a los servicios sociales. Voces desde futuros docentes de Educación Primaria / Luis M. Rodríguez Otero, Mª Gloria Gallego Jiménez.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2018.8836>

- La educación de los sordos de la exclusión a la inclusión / Mª Carmen Gómez Gómez.

<https://doi.org/10.4995/reinad.2017.7375>

Institucións

• Arrels Fundación

<https://www.arrelsfundacio.org/es>

